

CICLO

CORUÑA OLÍMPICA

Achegando o sono ós nosos estudantes

Unha produción de



Contido

1. Introducción.....	3
2. Descripción ciclo.....	7

Introdución

Estamos a vivir tempos incertos, máis propios dunha produción wolibudiense que do que cabía agardar para a segunda década do século XXI.

O 2020 pasará a historia como o ano do non. Non, entre outras moitas citas, ós Xogos Olímpicos de Tokyo.

Ese salto obrigado no calendario convirte ó 2021 no depositario de millóns de ilusións. O mundo mira, aínda que de reollo, cara a Asia.

Preto de 14.000 atletas practicando as 50 disciplinas admitidas e preto de 6.000 millóns de espectadores agardan ansiosos que as condicións sanitarias o permitan e a chama olímpica prenda por fin no pebetero do Novo Estadio Nacional de Xapón.



HISTORIA

Os primeiros Xogos Olímpicos da Idade Moderna tiveron lugar en Atenas en 1896. Dende aquela ata hoxe sómentes deixaron de celebrarse en catro ocasións: no 2020, postergados para este ano 21 polo Covid-19, e nos anos 1916, 1940 e 1944 por mor do estoupido da Primeira e a Segunda Guerra Mundial.

Paralelamente a ese percorrido olímpico oficial, con todas a batallas que levou consigo (enfrentamentos entre nacións, discriminación racial, prohibición da participación da muller, as cuestións políticas...) na Coruña tivo lugar un xerme que falaba ben ás craras da paixón das nosas xentes polo deporte.

Estaba previsto cos VI Xogos Olímpicos celebráranse en Berlín no 1916. Non puido ser. A Gran Guerra iniciada en 1914, e que se prolongaría catro anos máis, obrigou a cancelalos.

Non obstante, mentres España mantívose neutral, na Coruña un grupo de entusiastas acabarán organizando uns xogos olímpicos en Monelos en 1916, que tamén se celebrarían no 17 e no 18.

Viñeron atletas de outras cidades galegas como Vigo, cando daquela a distancia entre A Coruña e a cidade Olívica se cubría en 8 horas.

OS NOSOS E NOSAS

Para empezar a contar a historia dos coruñeses nos Xogos Olímpicos “de verdade” habería que agardar un pouco, pero non demasiado.

O primeiro foi Ramón González en Amberes 1920, na modalidade de fútbol. Non puido debutar sobre o terreo de xogo porque enfermou camiño da competición pero si poido colgarse a medalla de prata.



Nas seguintes Olimpíadas, outro futbolista coruñés continuou a senda de Ramón. Foi Juan Monjardín en París 1924.

Londres 1948 foi o turno do atleta

Manuel Suárez-Pumariega, antecesor
dun dos mitos do deporte herculino,

o tirador Jaime González Chas,

que se estreará en México 1968

para tamén participar noutras tres citas

Oímpicas máis, Múnic 1972, Montreal 1976 e Moscú 1980.




A Moscú tamén viaxarían outras tres lendas coruñesas: o atleta Isidoro Hornillos, actual Presidente da Federación Galega, o futbolista Paco Buyo e o xogador de baloncesto Fernando Romay, que catro anos despois sería protagonista dunha das páxinas douradas do deporte español coa consecución da medalla de prata nos Ánxeles 1984 ante a poderosísima selección dos Estados Unidos.



Para A Coruña, a historia olímpica continuaría en Seúl 1988 co judoka Victorino González, que voltaría de Corea cun diploma baixo o brazo.

Despois chegaría a eclosión do deporte español con motivo das Olimpíadas de Barcelona 92. O deporte coruñés presentábase na Cidade Condal con cinco representantes, por primeira vez con unha muller, a lanzadora Ánxeles Barreiro. Tamén competiron o lanzador David Martínez, o tirador Ramiro Bravo, o xogador de tenis de mesa adaptado Indalecio Iglesias e o xogador de hóckey a patíns Alejandro Avecilla, se ben este deporte só participou coma invitado.



A seguinte parada Olímpica, Atlanta 1996, acudiron outros cinco deportistas da nosa cidade: o atleta de 1500m Andrés Díaz, os judocas Roberto Naveira e Francisco Pucho Boedo, que se fixo coa presea de prata na categoría de invidentes, e Jorge Maciel e Antón Garrote en vela.

Xa no século XXI, Sidney 2000 abriu outra época. Alí repetiron Maciel e Boedo e se estreou Francisco Zas en taekwondo. Tamén repetiría Andrés Díaz, que levaba a etiqueta de favorito, pero a quen unha inoportuna enfermidade lle costou só conseguir un diploma.

Outro nome a non esquecer é o do regatista Chuny Bermúdez de Castro, único representante coruñés en Atenas 2004. Habería que agardar a Londres 2012 (11 de Agosto), para que o deporte coruñés tocara o ceo nunha Olimpiada, a medalla de ouro. A acadou Sofía Toro na clase *match race* xunto a Tamara Echegoyen e Ángela Pumariaga.



E situámonos xa nos últimos Xogos, Río 2016. Seguindo a proxección do deporte feminino en xeral do español e do coruñés en particular, o éxito viría da man das xogadoras de rugby do C.R.A.T., Paula Medín e Vanesa Rial, que se voltaron con diploma na estrea do seu deporte coma olímpico. Tamén o xogador de tenis de mesa adaptado Alberto Seoane, logrou facerse cun dobre diploma, individual e por equipos.

En definitiva, unha baralla de deportistas que grazas ó seu traballo e sacrificio, e por mor da súa calidade e cualidades poideron desfrutar do maior evento deportivo do mundo, levando o nome da súa cidade, a nosa, por todo o planeta.

O PRESENTE

Aínda están por dilucidarse a maioría das prazas para Tokyo 2021. Entramos na recta final e os deportistas andan a afinar o seu pico de forma. En breve se coñecerán os nomes dos clasificados.

As nosas ilusións están depositadas en deportistas como Jacobo Garrido (natación), Julia Benedetti (skateboard), Víctor Castro (halterofilia), Enmanuel Reyes (boxeo) ou Alberto Gaitero (judo).

Descrición

QUÉ É O CICLO CORUÑA OLÍMPICA?

Consiste nunha serie de entrevistas a través das cales dar a coñecer a experiencia deportiva, pero sobre todo persoal dalgún destes deportistas coruñeses a fin de que compartan coa colectividade estudantil a súa experiencia antes, durante e despois dun evento da magnitude duns Xogos Olímpicos.

FINALIDADE

Afondar máis do que facemos normalmente a través dos medios de comunicación. Coñecer máis de preto o traballo, a disciplina, a mentalidade e a forma de ver a vida dun deportista, o seu paso de amateur a profesional, de disfrute a exigencia.

BENEFICIARIOS

Centros educativos de A Coruña

DATAS DE CELEBRACIÓN

Meses de abril e maio